

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA

ASUNTO: Incoación do expediente de modificación de crédito na modalidade de suplemento de crédito financiado con Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais (RTGX) pola aplicación do superávit 2025 para amortización de débeda, así como de Ingreso extraordinario derivado dos Fondos FEDER 2014-2020 derivados da “Estrategia de Desarrollo Urbano Sostenible Integrado” (EDUSI).

A Liquidación do Orzamento do exercicio 2025 do Concello de Vilagarcía de Arousa aprobada por Resolución da Alcaldía de data 27 de abril de 2026 da que se dou conta ao Pleno na sesión que tivo lugar o día 28/05/2026 e no que consta Informe de Intervención de Estabilidade Orzamentaria con referencia JFC/419/2026 no que indica o cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria cun superávit de 1.703.603,07€, Regra de Gasto positiva e Volume de Endebedamento por debaixo dos límites establecidos e no que se obtivo un Remanente Líquido de Tesourería de 3.562.717,95€ sendo o dispoñible actual de 2.674.479,76€.

En base ao disposto polo art. 32 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF) que dispón:

(...)Artigo 32. Destino do superávit orzamentario.

No suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso do Estado, comunidades autónomas e corporacións locais, a reducir o endebedamento neto. No caso da Seguridade Social, o superávit aplicárase prioritariamente ao Fondo de Reserva, coa finalidade de atender as necesidades futuras do sistema.(...)

Para aplicación deste superávit debe cumprirse:

1. ESTABILIDADE ORZAMENTARIA POSITIVA.
2. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS POSITIVO.
3. VOLUMEN DE ENDEBEDAMENTO NON SUPERIOR AO 75% DOS INGRESOS CORRENTES CONSOLIDADOS

Visto o ingreso realizado na Tesourería municipal en data 27/11/2025 por importe de 598.023,26€ dos fondos FEDER 2014-2020 derivados da “Estrategia de Desarrollo Urbano Sostenible Integrado” (EDUSI) e dado que se trata de fondos remanentes de dita estratexia polo que unha vez aplicados aos proxectos afectados polos mesmos consideramos que podemos dispoñen dun remanente extraordinario de 344.494,53€

Tendo en conta que o art. 12.5 da citada LOEOSF en canto á Regra de Gasto indica que os Ingresos obtidos por riba do previsto deberán destinarse a reducir o nivel de débeda pública.

Visto o Estado da débeda obrante no proxecto de Orzamentos para 2026 que neste intre se atopa en exposición pública e no que consta o préstamo que a seguir se describe, considerando que sería a operación máis convinte amortizar polas súas condicións financeiras:



Préstamo núm. 2021/1/009595 asinado con UNICAJA BANCO, S.A. o 03/09/2021 por importe de 3.500.000,00€, con un tipo de xuro variable de euribor a 3 meses máis 0,53 cun capital pendente a 15/06/2026 de 1.774.494,53€

Considerando que a amortización extraordinaria implicarán a redución dos gastos financeiros para o exercicio 2026, e en consecuencia a débeda viva o volume de endebedamento, favorecendo o aumento do aforro neto, por todo elo **PROPOÑO:**

PRIMEIRO: Incoar o expediente de modificación de crédito na modalidade de Suplemento de crédito para a aplicación parcial do RLTGX nun importe de 1.000.000,00€ para a amortización extraordinaria no ano 2026 de préstamos vixentes, considerando a operación máis convinte amortizar polas súas condicións financeiras:

- **Préstamo núm. 2021/1/009595** asinado con UNICAJA BANCO, S.A. o 03/09/2021 por importe de 3.500.000,00€, con un tipo de xuro variable de euribor a 3 meses máis 0,53 cun capital pendente a 15/06/2026 de 1.774.494,53€.

SEGUNDO: Destinar o remanente dos fondos FEDER 2014-2020 derivados da “Estrategia de Desarrollo Urbano Sostenible Integrado” (EDUSI) por importe de 344.494,53€ a amortización do antedito préstamo.

TERCEIRO: Que se emitan os correspondentes Informes pola Intervención Municipal.

CUARTO: Unha vez emitidos os informes aos que se refiren os puntos precedentes, o expediente someterase á aprobación do Pleno da Corporación.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

